

A TACTILIDADE INVISÍBEL

Universidade Invisíbel

Novembro de 2008.

0.1. Teses para a nova tactilidade.

A) A invisibilidade non é unha mera calidade física, nin pode ser definida pola carencia – “o que non se ve” – xa que para recoñecer algo como invisíbel, a súa presenza debe ser detectada de antemán. O invisíbel nace sempre dunha ontoloxía positiva, tan só definida *a posteriori* como carencia, pero primeiramente referida a un olfacto, unha tactilidade, unha degustación en curso. O invisíbel é sempre obxecto de sospeita. Digámolo así: algo que se presenta informe diante do ollo, asexo a intelixibilidade do seu falido nervio óptico.

B) A universidade invisíbel degusta e desprende o sentidos dunha nova tactilidade universal, a dos corpos cerebrados que se tocan no espazo, xa sexa este físico ou virtual, para producir a riqueza do social. A invisibilidade desta *universitas* velada remite á fin á produción; chámese esta produción do valor, produción da subxectividade, ou simplemente, creatividade social. Esta produción coa chegada do capitalismo postindustrial, centra os seus procesos de valoración económica arredor da produción de semióticas, coñecementos expertos e estilos de vida. E esta creatividade xa non pode ser senón directa e primeiramente social ou colectiva. As patentes, as *eclosures* que reticular legalmente, privatizan e curtocircuítan a súa tactilidade colectiva chegan despois, sempre despois, impondo a súa peculiar ollada e preparando unha invisibilidade que non é senón o produto dunha lente perversa, o espello que agora, lonxe de tentar representar o que ten fronte a sí, non reflicte senón a estrutura do seu propio cristal: a xeometría das normas da súa organización. Isto é a *a invisibilidade no espello normativo*: un ocultamento máxico ou truco óptico que renova e reactualiza o vello concepto do fetichismo.

C) Neste contexto de fetichización normativa, a emerxencia, o encorporamento e o artellamento práctico da universalidade invisíbel (a *universitas* creativa), revélase para os invisíbeis, os propios suxeitos da invisibilidade, como o maior reto de renovación política e vital. Agora ben, xa que como dicimos a corporalidade antecede á invisibilidade, non abonda cun simple desvelamento para que se propicie o cambio requirido, pois a visualización non pode ser senón o efecto dunha nova materialidade que é debuxada na sospeita olfactiva, na recomposición táctil e na degustación da corporalidade da *universitas* invisíbel.

0.2. A dupla hélice da Universidade-Metrópole.

Durante o século XX a institución universitaria vivenciou dúas pasaxes fundamentais. Da Universidade-Elite, de composición fundamentalmente burguesa e enfocada cara a produción de cadros de mando social técnico e político, co exercizo das loitas obreiras rematou por se debuxar no cadro da historia unha pasaxe cara a Universidade-Masa. Co New Deal (novo pacto) entre o capital e o proletariado baixo a forma do *welfare state* (Estado do Benestar) traducido en termos académicos nun profesorado funcional e un estudantado obreiro incorporado á Universidade a través de distintos sistemas de subsidios laborais e familiares e bolsas de estudos, a Academia convertíase á fin nunha fábrica homoxeneizada destinada á produción en masa de titulados que proviñan de distintos estratos sociais.

Trala crise da Universidade-Masa, coa ofensiva neoliberal, ao longo das últimas décadas tense bocexado unha nova pasaxe. Dirase que o que aparece aquí é a forma dunha Universidade-Empresa, a cada intre máis penetrada polas corporacións empresariais, e constantemente reaxustada a un mercado laboral no que o vello proletariado dá paso ao *precariado* (traballo flexíbel, temporal, composto de subxectividade heteroxéneas e dereitos recurtados). Pero a etiqueta Universidade-Empresa non pode funcionar se non é invisibilizando o artellamento máis complexo no que se constitúe e que no seu lugar a define como unha Universidade-Metrópole. A elección dunha ou outra definición é determinante á hora de pensar hoxe as alternativas posíbeis. Quen dende o catalexe da esquerda tradicional, ficando na mera crítica da Universidade-Empresa non é quen de ver a complexidade contradictoria da Universidade-Metrópole, tan só está en posición de criticar a privatización da institución, e en consecuencia, non é quen de pensar nos posíbeis aléns da falsa alternativa público/privado. De aí os seus constantes alegados en pro dun rescate nostáxico da periclitada forma da Universidade-Masa. Sen embargo, a Universidade-Empresa non é máis que unha das hélices que dan forma ao ADN da Universidade-Metrópole. A outra, por suposto, correspóndese coa universidade invisíbel.

0.3. Alén dos confíns

Así pois, Universidade-Metrópolis – dicimos. Técese o seu ADN, por unha banda coa hélice dun devir-empresa que define á Academia nos termos tecnocráticos da eficiencia e a rendibilidade, que traza as liñas xerais dos procesos de privatización, e que se adapta ecoloxicamente a un medio-ambiente de traballo flexíbel e precario. Pero pola outra banda, un devir excesivo, se acaso monstruoso, alén dos límites diáfanos e a pureza dos confíns. Así como a fábrica fordista era un lugar de confinamento e disciplina en masa, tamén o era a Universidade-Masa. Dun xeito bastante exacto a súa esfera productiva correspondíase cos límites temporais (tempos de estudo/traballo) E xeográficos (*inside the walls*) da institución académica. En tal modelo social, as fronteiras entre un espazo de subxectivización e outro eran nidias. – Un estaba na fábrica, aí limitábase o tempo/espazo de traballo e a medida do seu valor- Un estaba na Universidade, logo pasaba ao lugar de traballo- Un tempo para estudar daba paso a outro, distinto e sucesivo, agora acoutado polo emprego. A vida organizábase como unha serie evolutiva, a través de estratos teleolóxicos fraccionados por un número de ritos de paso que tendían a ser irreversíbeis (estudo, emprego-para-toda-a-vida, matrimonio-até-que-a-morte-nos-afaste, etc.). Pero isto xa non é así. A sucesión vital que concatenaba os distintos espazos de confinamento – agora na escola, agora na fábrica, agora na universidade, agora na oficina – ten implosionado por todas partes coa chegada do novo capitalismo; chámese este “sociedade do coñecemento”, capitalismo semiótico, cognitivo, creativo ou postindustrial.

Así por exemplo, neste marco emerxente, a chamada “formación continua” excede calquera linearidade e confinamento. Máis alá da linearidade dos confíns, os individuos pasan agora por un bucle que é repetido sen fin e que obriga a que as súas narrativas vitais oscilen entre o mestrado e o traballo temporal, o curso de formación e outro emprego efémero. A propia dicotomía entre un espazo/tempo de traballo e outro de ocio derrúbase diante da emerxencia das formas de traballo chamadas “atípicas.” Isto é así para o que concirne a todas esas formas resumidas nas figuras do “voluntariado”, os bolseiros, o traballo dende o fogar, os traballadores autónomos, o artista e o traballador do espectáculo, os *freelance*. Sen embargo, estes exemplos non son máis que a punta do iceberg. O atípico convértese en norma cando a centralidade do proceso productivo se despraza dende o eido da produción industrial ate a produción e distribución de produtos inmateriais (afectos, relacións, signos e semióticas, estilos de vida e coñecementos expertos). Non só se despraza o sector central dende o ámbito industrial ao sector servizos,

senón que cambian as formas creativas e a calidade da propia produción: os seus obxectos e as súas formas.

Entra en xogo aquí un dato en relación á linguaxe que en absoluto é anecdótico: se durante a primacía do industrial o traballar en silencio (na cadea de montaxe) era un imperativo, agora o acto da falar convértese na propia condición *sine qua non* da produción. E así como os *consumidores* deben falar, han de se converter en invisibilizados e non remunerados *productores* de ideas e estilos de vida que máis tarde os técnicos do *marketing* reempaquetan para extraer deles a plusvalía, do mesmo xeito en que nas propias fábricas e empresas a linguaxe se converte nun recurso productivo fundamental: o obreiro ha de manexar as linguaxes e os códigos dos procesos tecnolóxicos automatizados; os empregados han de contar as súas historias para mellorar a produtividade da empresa (*organizacional storytelling*); a linguaxe dos relacións públicas e dos publicistas convértese nun elemento central da produción *just in time*. Existe toda unha lexión de corpos productivos falantes: os *call centers* e as distintas formas de atención ao cliente, vendedores de seguros ou do que sexa, avogados, *cool hunters*, asesores, investigadores de mercados, equipos de Investigación e Desenvolvemento creativos, etc. Existe, ademais, unha transversalidade crecente que modifica a composición das relacións productivas. Estas novas relacións producen unha incerteza ou indeterminación nas categorías sobre as que se fundamentaba a modernidade política e económica.

A crise do concepto de traballo pode ser significativa. O movemento feminista púxo a en xaque unha vez que criticou que trala dicotomía público/privado se agachaba un traballo (feminino) non recoñecido, invisibilizado, o das amas de casa. Pero esta crítica pode extrapolarse a moi distintos eidos. Así como o traballo invisíbel dos consumidores é condición *sine qua non* do labor dos departamentos *marketing*, a crecente participación dos pacientes clínicos no mundo da medicina converte a estes en suxeitos productivos da propia definición da vida e a súa xestión sanitaria, e do mesmo xeito, a crecente participación dos movementos sociais na *gobernanza* (delegada polo Estado ao neoliberalizarse) evidencia un traballo non recoñecido, invisibilizado, na xestión do social. Por que o que fai unha ama de casa non é recoñecido como traballo mentres o mesmo que fai outra muller é cualificado de traballo doméstico? Por que o que fai un político é traballo e non o que fai un activista? Por que a produción de estilos de vida dun consumidor non é un traballo e en cambio si o de quen diseña a súa venda? Por que a contribución á ciencia a cargo dos obxectos de estudo non ten ningún recoñecemento pero en cambio si o teñen os científicos?

0.4. A *universitas* do invisíbel.

Todas as figuras sociais ate aquí sinaladas comparten unha serie de elementos comúns: a súa produción é directamente colectiva. En tanto que intertextual forma parte dun *general intellect* social que desborda ademais os vellos confíns, xa que se produce na metrópole, en calquera lugar, na posta en circulación colectiva, é dicir, unha produción que se artella hexemonicamente xa non sobre o territorio do confín senón no espazo aberto da mobilidade (de mercadorías, de corpos transfronteirizos, de linguaxes e saberes). Neste senso, podemos dicir que a metrópole é ao réxime postfordista contemporáneo que a fábrica era ao modelo fordista. Emerxe aquí a outra hélice, que co devir-empresa da Academia insinúa a formación da Universidade-Metrópole. A produción universitaria excede por todas partes o confín académico e expande a súa forma polo tecido metropolitano físico (mallas urbanas) e virtual (internet); aí se crean novos saberes, novos experimentos, novos coñecementos que aínda sen patentes son coñecementos expertos.

Por “colexio invisíbel” distintos autores teñen sinalado a creación de grupos e redes non recoñecidos formalmente dentro dos organigramas académicos, e que non obstante son imprescindíbeis para a produción de coñecemento. Sen embargo, esta produción máis alá dos grupos de interese ou das comunidades universitarias informais (colexio) para se expresar baixo a forma da universalidade social (*universitas*). La crise da Universidade-confín evidénciase na súa extralimitación espacial e xeográfica, expandíndose a través da nova “fábrica social” (a metrópole física e virtual), e na interconexión das distintas temporalidades híbridas (implosión da dicotomía e a linearidade narrativa definida polo par tempo de ocio/tempo de traballo). Así como a produción do *general intellect* no ciberespazo metropolitano se volve decisiva para a formación do saber universitario, observamos unha crecente contribución a este tipo de saber por parte de moi distintos actores: consumidores, pacientes, movementos sociais, ONG, movementos veciñais ou sindicais, etc.

De novo, o exemplo da linguaxe serve para expresar a idea de que tentamos retratar a brochazos descritivos e conceptuais. Diciamos que en xiro postindustrial do social, a linguaxe convértese unha facultade productiva fundamental. Diciamos que o catalexe oxidado da esquerda non era quen de maxinar máis nada alén do público e do privado. Pero a linguaxe xamais é pública nin privada, nin remite ao terreo da patente nin á da forma de xestión estatal. Aínda que é o mecanismo mediador por antonomasia, non precisa

forma ningunha de mediación. Moi pola contra, a linguaxe é *común*, algo directamente colectivo, social de por si e sen mediación do público/privado, algo común require da traducción do heteroxéneo e da presenza do *Outro* para poder ser exercido e transformado. Só así se produce a linguaxe: directamente en colectivo e en transversal. Como a produción dominante no capitalismo semiótico contemporáneo, a linguaxe non individualizábel, e non é posíbel regulalo a través do público ou o privado, se non é ao prezo da propia destrución das súas potencialidades. A linguaxe, sendo común, só fai proliferar as súas singularidades a través dun plano igualmente común.

Que nos di isto a propósito da universidade invisíbel? A Universidade-Metrópole ha de comprenderse no novo devir-productivo do social ate aquí esbozado. Dada a crise de conceptos tales como o político ou o traballo, o espello da produción neoliberal xa non pode recorrer máis que á norma (ese reflexo perverso ao que fixemos alusión). Lembremos que durante a modernidade a medición do valor traballo se realizaba en función do tempo de traballo de suxeitos productivos individualizábeis. Pero a produción agora non pode ser senón directamente colectiva e social (así como ocorre coa linguaxe, así a produción dun artigo científico está composto por un sen fin de citas recollidas do *general intellect* que distintos actores teñen verquido na Rede máis alá dos confíns da propiedade privada). Por outra banda, dada a implosión das dicotomías que dividen entre tempo de traballo e tempo de ocio, debemos concluír que a medida resulta agora imposíbel: un publicista, un relacións públicas, un investigador non cesa de producir, xa estea na súa oficina ou en calquera parte, xa estea o investigador na universidade ou non, pero sempre producindo dentro dun conxunto moito máis amplo que o confín universitario, sempre unha produción moito máis que individual, unha creatividade que, como a linguaxe, é directamente social e bebe do *común*.

É por esta razón, dada a imposibilidade dos requisitos de individualización e medida sobre os que se asentaba a Teoría do Valor, que o espello do capital xa non pode representar o tempo de traballo, senón simplemente a propia norma do capital, a patente e a regulación que discrimina o que é e non é traballo, invisibilizando a tactilidade universal, isto é, o encontro de corpos heteroxéneos universalmente espallados sobre o lenzo metropolitano. Neste sentido, se o que expresa a Universidade-Empresa é este reflexo privatizante, a Universidade Invisíbel amosa a outra cara da Universidade-Metrópole, alén do público e o privado, un novo *común* que ha de inventar novas formas de vida política tomando a metrópole como o seu terreo de experimentación e conflito. E así, o reto non é outro que facer proliferar a tactilidade invisíbel, a proliferación das aúas formas de vida e redes creativas, inventando para isto as

institucións que a aseguren. Un bo exemplo desta nova institucionalidade dánola o *copyleft*, unha derivación do *copyright* que recoñecendo a autoría permite a copia e a distribución, é dicir, un mecanismo que recoñecendo a achega de cada *singularidade* asegura ao tempo o recoñecemento *común* permitindo a súa proliferación. Pero ben faremos en advertir que non só falamos de economía. Antes que nada, falamos das artes de vivir, dunha radicalización da democracia, unha produción de subxectividade que require inventar os seus dispositivos nos termos que se expresa hoxe a *universitas* invisíbel e que exemplifica parcialmente, aínda que de xeito imperfecto, o *copyleft*. Un corpo *copyleft* é o que non impón ser sexuado segundo unha ou outra patente, que non esixe petrificar unha sexualidade ou un xénero marca “homo”ou “hetero”, ou nos marcadores “pasivo” e “activo”, por exemplo. Isto aprendémolo, e apréndeo a ciencia, do coñecemento experto primeiro dos corpos gays e feminista, despois da corporalidade *queer*. Estes saberes expertos teñen transformado os conceptos e as premisas obxectivas das ciencias alén dos confíns académicos.

0.5. Unha proposta: A Universidade Invisíbel como institución-monstro.

Ao fío destas reflexións un grupo aberto de docentes, investigadores e profesionais, temos creado unha rede á que chamamos a Universidade Invisíbel. Para nós este dispositivo trátase dunha institución-monstro. Como é ben sabido, dende tempo atrás, nas culturas occidentais, o monstro ten sido unha figura de problematización. Se o monstro representaba o contra-natura, facíao porque no seu corpo se daba a recombinación imposíbel dos códigos do humano co animal, do real co fantasioso. Como figura de problematización, composta de límites e hibridacións imposíbeis, no mostro recoñecíase por oposición a el o que debía ser “normal”, a regra e o posíbel. Así, o monstro como límite excéntrico, moldeaba a normalidade. Pero en tempos de incerteza, o mecanismo do monstro ben pode ser outro. Isto é, o monstro como un axenciamento de códigos heteroxéneos que visualiza os novos posíbeis creados, as novas formas emerxentes, as lóxicas e os compostos que poden transformar o dado. O monstruoso hoxe é a norma, tanto nas formas de produción do saber, como da produción de corporalidades. O monstro hoxe é un signo xa non do real ou do fantasioso, senón do *emerxente*.

Na nosa experiencia concreta mesturamos os códigos e as funcións da Universidade, os movementos sociais e as institucións artísticas, enfiando con isto e nun mesmo fío multicolor os campos transversalizados da teoría e a praxe. A nosa institución-monstro pretende experimentar con novas formas de institucionalidade, creando un dispositivo que permita traducir os códigos de cada un dos tres eixos para visualizar a *universitas* da tactilidade invisíbel.

Funcionamos nos intersticios da Academia, a arte e o movemento. E, coa fin de poboar estes lugares liminais, artellamos un dispositivo que apostando por unha ciencia socialmente comprometida, teoricamente colaborativa e experimental, desexa ir alén da crítica en negativo á Universidade-Empresa. Non abonda con descartar o devir-empresa. Xa que o reto é disipar a carencia,, a proposta ha de seguir o recorrido dunha ontoloxía positiva que mediante a degustación (experimentación) do corpo invisíbel, faga proliferar a súa tactilidade universal. A cuestión, á fin, non pode ser outra que a de facer proliferar as distintas expresións da Universiade-Invisíbel, o común da creatividade social, a *universitas* productiva e antagonista.